



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA N.º 2/2024

SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 8 DE FEBREIRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN:PP

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

AZUCENA CAO SIERRA

ENRIQUE OTERO REY

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Sometido a votación a aprobación das actas anteriores, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Votamos en contra ata que non se graven os Plenos*”.

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar as actas das sesións celebradas os días 30 de novembro e 22 de decembro de 2023 e 22 de xaneiro de 2024.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía e o Pleno queda enterado das seguintes:

Nº Decreto	Asunto
------------	--------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00297/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO N° 11/2023.
00298/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN BANDA DE MÚSICA POR REDE CULTURAL PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00299/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA MUNICIPAL POR NACEMENTO.
00300/2023	APROBACIÓN ADQUISICIÓN CERÁMICA PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00301/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO DE ALUMEADO, CALEFACCIÓN E EQUIPO ELÉCTRICO PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00302/2023	APROBACIÓN PADRÓN SUBMINISTRO AUGA POTABLE 1º TRIMESTRE DE 2023.
00303/2023	APROBACIÓN ADHESIÓN Ó X CIRCUÍTO DE CARREIRAS DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2024.
00304/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO DE IMPRENTA PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00305/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PREGÓN PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00306/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AMPLIFICACIÓN E ORQUESTRA PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00307/2023	APROBACIÓN ADQUISICIÓN BANDEXAS E PRATOS PARA A FESTA DO MARISCO 2023.
00308/2023	APROBACIÓN ADQUISICIÓN VIÑO PARA O XANTAR DA FESTA DO MARISCO 2023.
00309/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL N° 21/2023.
00310/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PLAN MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024.
00311/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN RONDALLA DE CEDEIRA POR REDE CULTURAL 2023.
00312/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PROXECCIÓN “COPITO DE NEVE” POR REDE CULTURAL 2023.
00313/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00314/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN TEATRO GHAZAFELHOS “TRAVESÍA UNICORNIO” POR REDE CULTURAL 2023.
00315/2023	APROBACIÓN NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL FIXO TRES PRAZAS OFICIAL DE SERVIZOS - PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021.
00316/2023	APROBACIÓN NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL FIXO PRAZA DE ANIMADORA SOCIOCULTURAL – PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021.
00317/2023	APROBACIÓN NOMEAMENTO FUNCIONARIA DE CARREIRA PRAZA AUXILIAR ADMINISTRATIVO – PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021.
00318/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MAGO PEDRO BUGARÍN “GALICIA ILUSIONA COA MAXIA” POR REDE CULTURAL 2023.
00319/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN “PEQUE DISCO MOC MOC” POR REDE CULTURAL 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00320/2023	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
00321/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS Nº 3/2023.
00322/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 12/2023.
00323/2023	APROBACIÓN SINATURA CONVENIO COLABORACIÓN FESTA DO MARISCO 2023.
00324/2023	APROBACIÓN SINATURA CONVENIO COLABORACIÓN CARREIRA POPULAR 2023.
00325/2023	APROBACIÓN SINATURA CONVENIO COLABORACIÓN FESTA DO NADAL 2023.
00326/2023	APROBACIÓN SINATURA CONVENIO COLABORACIÓN REALIZACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS 2023.
00327/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00328/2023	APROBACIÓN PADRÓN SAF XULLO 2023.
00329/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 22/2023.
00330/2023	APROBACIÓN PERMISO DE VACACIÓNS E PERMISO DE ASUNTOS PROPIOS DECEMBRO 2023.
00331/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN DE AXUDAS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIAS DO SAF.
00332/2023	APROBACIÓN ADHESIÓN Á POLÍTICA DE SINATURA ELECTRÓNICA DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.
00333/2023	APROBACIÓN PADRÓN POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO 2023.
00334/2023	APROBACIÓN PREGO MODIFICADO SUBMINISTRO TRACTOR.
00335/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL ARQUIVO.
00336/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA PARA SERVIZO DE REHABILITACIÓN USUARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
00337/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00338/2023	APROBACIÓN ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
00339/2023	APROBACIÓN ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
00340/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA EMERXENCIA SOCIAL.
00001/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
00002/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00003/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN MATERIAL PROMOCIÓN TURÍSTICA.
00004/2024	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
00005/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 1/2024.
00006/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MUSICAL FESTA SAN BLAS 2024 (RIBEIRAS DO SOR).
00007/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MUSICAL ENTROIDO – BARQUEIRO 2024.
00008/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ANIMACIÓN ENTROIDO INFANTIL –

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

	BARQUEIRO 2024.
00009/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO – GRAÑAS DO SOR 2024.
00010/2024	APROBACIÓN PADRÓN SAF AGOSTO 2023.
00011/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 1/2024.
00012/2024	APROBACIÓN RECOÑECIMENTO SERVIZOS PRESTADOS ÓS EFECTOS DO CÓMPUTO DOS TRIENIOS.
00013/2024	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS E LICENCIAS DE PERSOAL XANEIRO 2024.
00014/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO – PORTO DE BARES 2024.
00015/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO – MAÑÓN 2024.
00016/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO – VILA DE BARES 2024.
00017/2024	APROBACIÓN SINATURA CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA SOLICITAR SUBVENCIÓN CIM.
00018/2024	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
00019/2024	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

3.- APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) “POS+2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das obras e do importe de gasto corrente que se pretende incluír no POS+2024.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e a abstención dos Concelleiros do P.S.de G- PSOE, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	165.310,05
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	165.310,05

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO
--	-------------------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora das marxes en Rafael Campillo e outro	57740,05	0,00		0,00	57740,05
Pozos de barrena na Faladoira	30479,73	0,00	6400,74	0,00	36880,47
Mellora abastecemento depósito Grañas	39979,85	0,00	8395,77	0,00	48375,62
Subtotal investimentos achega provincial 2023	128199,63	0,00	14796,51	0,00	142996,14

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	165310,05			165310,05
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024				
	Achega 2023	128199,63	0,00	14796,51	142996,14
C- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				
	Achega 2023				
D- TOTAL	Achega 2024	165310,05	0,00	0,00	165310,05
	Achega 2023	128199,63	0,00	14796,51	142996,14
	TOTAL	293509,68			308306,19



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación en Casateite (Grañas) e outro	52762,06		52762,06
Mellora da marxes no Camiño da Barca-Mogor	53646,11		53646,11
Mellora abastecemento ETAP e depósito Ribeiras do Sor	39980,26	8395,85	48376,11
TOTAIS	146388,43	8395,85	154784,28

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2024” PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Sr. Alcalde da conta do informe emitido pola Traballadora Social en relación coa solicitude de subvención ó amparo do POS+Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Rematada a intervención, o Sr. Rego Baamonde pregunta “cántas empregadas de fogar hai e cuántas a xornada completa e a tempo parcial”

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) **“POS+ Adicional 1/2024”** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ós gastos sociais que se detallan a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	22.000,00 €		22.000,00 €	22.000,00 €	
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	6.000,00 €		6.000,00 €	6.000,00 €	
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a	17.520,00 €		17.520,00 €	17.520,00 €	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	18.500,00 €	3.000,00 €	15.500,00 €	15.500,00 €	
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	3.702,60 €		3.702,60 €	3.702,60 €	
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	2.400,00 €		2.400,00 €	2.400,00 €	
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos	600,00 €		600,00 €	600,00 €	



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	70.722,60 €	3.000,00 €	67.722,60 €	67.722,60 €	

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	70.722,60 €	3.000,00 €	67.722,60 €	67.722,60 €	

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	67.722,60 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	67.722,60 €

SEGUNDO.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR. (Expte.: 2023/X999/000054).

A Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, remitiu escrito ó Concello para a iniciación do expediente para a elección de Xuíz de Paz titular.

Con data 23 de marzo de 2023, publicouse no Boletín Oficial da Provincia N° 57 a convocatoria da praza.

Durante o prazo establecido presentáronse dúas solicitudes:

- Cristina Maragoto Novo
- Eva Pérez Gallardo

Polo Pleno procédese o exame das solicitudes presentadas.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a elección de CRISTINA MARAGOTO NOVO, como Xuíz de Paz titular.

SEGUNDO.- Remitir, ós efectos oportunos, certificación do presente acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ós demais interesados no expediente.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado a quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- *“Os Reis Magos chegaron a Mañón pero fai oito meses que se falou de algo e aínda non chegou, a impresora”*

Sr. Alcalde: *“Xa está aquí, xa a podeses levar”*

- Sr. González Trasancos: *“A sinal dos cans aínda nada, nin os tablóns de anuncios, xa o dixen o 27 de xullo; os contenedores tampouco é para agora o terminar de lavalos. Das bandeiras azuis que se sabe.”*

Sr. Alcalde: *“Faceranse as xestións.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Hai que saber por que non se conceden, se interesan hai que corruxilo.”*

Sr. Alcalde: *“Poden concedelas pero despois non se poderán colocar porque non vai haber socorristas.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Iso é adiantarse ós acontecementos.”*

Sr. Alcalde: *“Non che din porque si ou porque non.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Se non preguntades é porque non vos interesan.”*

Sr. Alcalde: *“As augas saen sempre ben.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Non che falamos só da auga; non pode ser que digades que temos unha boa calidade da auga e é o único que temos; haberá que moverse para modificalo, é outro potencial turístico.”*

- Sr. González Trasancos: *“O fabriqué que.”*

Sr. Alcalde: *“Aínda non contestaron.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“O gravado dos Plenos, que”*

Sr. Alcalde: *“Está en veremos.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Canto tempo fai que non vades polo Bico do Seixo, está levantado o solo, case non se camiña, está o solo todo levantado e cheo de herba.”*

Sr. Alcalde: *“Os veciños teñen que limpar tamén.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“O Coído vai a quedar así.”*

Sr. Alcalde: *“Eu xa mandei limpalo.”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. González Trasancos: *“Habería que esixirlle que o limparan.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Con que sistema se vai limpar o Coído.”*

Sr. Alcalde: *“O Coído ten que limpalo Portos que foron os que o fixeron.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Alguén llo terá que esixir ou a desidia é mellor que esixilo.”*

Sr. González Trasancos: *“Eso é un patrimonio e cada vez vai subindo máis.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“A iluminación da Ponte Vella, como vai.”*

Sr. Alcalde: *“Haberá que facer un presuposto porque haberá que facelo todo.”*

Sr. González Trasancos pregunta *“A chabola na Ponte Vella, para que vale eso.”*

Sr. Alcalde: *“Todos os anos se fai o acto que fai Nordés e solicitan que se limpe todo o entorno.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Por que non se solicita a cesión da chabola a Obras Públicas.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Antes das eleccións municipais botastes zahorra enriba dunha terra vexetal que é pouco menos que ilegal, porque non se retirou a terra vexetal, se fixo un acopio; a terra é un ser vivo pero aquí non se lle da importancia porque temos moita.”*

Sr. Alcalde: *“Haberá que facer un orzamento para facer o aparcamento.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Dado o quórum que temos non podemos solicitar pleno extraordinario; pregúntome si se chega a un acordo aquí se poderíamos solicitar o Pleno.”* Solicitan información á Secretaria que informa ó respecto.

- Sr. Rego Baamonde pregunta: *“A canto subiu a limpeza da Base Americana.”*

Sr. Alcalde: *“Limpouse cunha cuadrilla municipal durante unha semana.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta: *“Unha semana laboral de catro ou cinco empregados. Estabades estudando o que iades a facer coa Base Americana.”*

Sr. Alcalde: *“Hai unha empresa interesada en facer un proxecto turístico, ata que non presenten algo non podo dicir máis.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“A desidia da limpeza das vías públicas, como están” pregunta.*

Sr. Alcalde: *“Están bastante limpas.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Outro punto a favor do turismo, ver o desatendidas que están estas vías. Pasando o Cascón para arriba, a pasarela sen laterais, sería interesante poñerlle unhas bandas antideslizantes, cando una persoa parta unha perna pedirá responsabilidades como se fixo noutros Concellos.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta: *“Ese camiión, que”*

Sr. Alcalde: *“Hai que volver a facer un proxecto cun novo presuposto.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“A sinalización nas interseccións das pistas do Concello.”*

Sr. Alcalde responde *“Non pensarías que xa tiñan que estar feitas.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“En que situación está a residencia da terceira idade.”*

Sr. Alcalde responde *“Incrementáronse moito as cantidades.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Evolución dos costes da recollida do lixo, modificastes algo, haberá que desenvolver algo con intencións de mellorar ese coste.”*

Sr. Alcalde: *“Na baixada a Ponte do Porto hai un vertedoiro que vai a levar varios días limpalo.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Igual hai que dar ferramentas ós veciños para que recollan mellor.”*

Sr. González Trasancos: *“Igual habería que colocar un carteliño.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Facer unha distribución de trípticos avisando á xente sobre o tema. Os plásticos agrícolas de todo o Concello van ós contenedores e estamos pagando todos os veciños.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“Canon da canteira.”*

Sr. Alcalde responde *“Pagan segundo a facturación pero conceden outras cantidades para actividades.”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde: “Ordenanza forestal.”

Sr. Alcalde responde “Estamos en eso, non funciona en todos os sitios.”

- Sr. Rego Baamonde: “Volvemos co tema do Padrón.”

Sr. Alcalde: “Estiven vendo que hai xente que vive aquí e non está empadroada.”

Sr. Rego Baamonde: “Tedes as ferramentas para solucionalo, hai que explicarllelo á xente.”

Sr. Alcalde: “A nós págannos por habitante, entón que queres, que nos quiten os servizos, oxalá houbera máis xente para recibir máis diñeiro.”

Sr. Rego Baamonde: “Antes se dixo que era ilegal que solicitemos o Pleno, esto que é ilegal habería que actuar tamén. A responsabilidade é do Concello de solucionar o tema.”

- Sr. Rego Baamonde: “Os animais mostrencos, dixeches que se acabaron.”

Sr. Alcalde: “Queda unha vaca e unha cría.”

Sr. Rego Baamonde pregunta “E as bestas, que, a primeira intervención foi precisamente de bestas.”

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “A festa do marisco en canto saíu.”

Sr. Alcalde: “Do que solía costar baixáronse uns 8.000 euros, serían uns 40.000 euros ou unha cousa así.”

Sr. Rego Baamonde: “Ó final cántas persoas foron.”

Sr. Alcalde: “Sobre 900 tickets vendidos, a carpa estaba a tope.”

Sr. Rego Baamonde: “Os mariscos de onde viñeron.”

Sr. Alcalde: “Parte de aquí, as ostras e as ameixas.”

Sr. Rego Baamonde: “Parece que estades acobardados de que organizades a festa do marisco, non se pon nunca que se organiza a Festa do Marisco.”

- Sr. Rego Baamonde: Estiven mirando que se fixo unha modificación do prego do subministro do tractor.”

Sr. Alcalde: “Modificáronse as características do tractor para máis seguridade no vehículo e por máis potencia.”

Sr. Rego Baamonde: “Cando vín o que poñía, eso non era coa intención de que poidan vir varias ofertas; na proposta saía nin máis nin menos o que se solicitaba, non había oscilacións.”

Sr. Alcalde: “Encaixan varios tractores.”

Sr. Rego Baamonde: “Vai a ser difícil, dudo moito que encaixen varios.”

- Sr. Rego Baamonde: “Canto se gastou en festexos no 2023.”

Sr. Alcalde: “Apunto e traigocho para a próxima vez.”

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “Os costes dar carpas, cal é a razón de que non se teña unha carpa.”

Sr. Alcalde: “Non é rentable, ningún Concello ten as carpas en propiedade.”

Sr. Rego Baamonde: “As Pontes ten tres en propiedade.”

Sr. Alcalde: “Non me compares este Concello co das Pontes.”

- Sr. Rego Baamonde pregunta cantas horas hai asignadas en axuda a domicilio.

Ás 21:16 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira